



ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-0441, con data de 23/02/2021, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o tribunal cualificador e a data de realización da fase de concurso do proceso selectivo que se convocou para o nomeamento de POLICÍAS LOCAIS en comisións de servizos, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

Os criterios da convocatoria do proceso selectivo que se convocou para o nomeamento de POLICÍAS LOCAIS en comisións de servizos publicáronse integramente no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 219, do 12/11/2020, na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal-apartado de emprego público, persoal funcionario](http://www.redondela.gal-apartado-de-emplego-publico-personal-funcionario)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm.: 245, do 04/12/2020.

O prazo de presentación de instancias de 10 días hábiles iniciouse o día 7 de decembro e rematou o día 21 de decembro do 2020.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2021-0192, con data de 28/01/2021, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas no proceso selectivo que se convocou para o nomeamento de policía locais en comisión de servizos.

O día 03/02/2021 finalizou o prazo para presentar alegacións á lista provisional de aspirantes.

Tras non presentarse alegacións neste periodo e, de conformidade co disposto nestes criterios que se aprobaron por Resolución da Alcaldía núm.: 2020-2634, con data de 03/11/2020, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 95CFDCPKJAKCJDC574A52MNF6 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso selectivo que se convocou para o nomeamento de policía locais en comisión de servizos, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ABOLLO RODRÍGUEZ, DAVID	*****558-Q
2	NAVEIRO RENDO, PABLO	*****250-E
3	SÁNCHEZ CEBREIRO, HAROLDO	*****163-F

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Contra a resolución da alcaldesa, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.

TERCEIRO: Designar o tribunal cualificador do proceso de selección que se convocou para o nomeamento de policía locais en comisión de servizos, que estará integrado polos seguintes membros:

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 95CFDCPKJAKCJDC574A52MNFJ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



PRESIDENTE:

Titular: José Delmiro Pampillón López

Suplente: Concepción Roig Terán

SECRETARIO:

Titular: Roberto Gil Moure

Suplente: Marcos Hermida Amarelo

VOGAIS:

Titular: Alberto David López Sánchez

Suplente: Patricia Fontela Gómez

Titular: Abel Vidal Álvarez

Suplente: Elena Maya Gil

Titular: Óscar Puch González

Suplente: Hugo González Pereira

CUARTO: A constitución do tribunal e a realización da fase de concurso terá lugar o:

DÍA: 04/03/2021

HORA: 10:00 horas

LUGAR: Nas dependencias da Policía Local, sitas no Paseo do Pexegueiro, núm.: 3, Redondela.

QUINTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a relación definitiva de persoas admitidas, o tribunal cualificador e a data de realización da fase de concurso deste proceso selectivo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 95CFDCPKJAKCJDC574A52MNFJ | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3